

RECITAL CARMEN FERREIRO E MIGUEL VIZOSO

FRAUTA E PIANO

PROGRAMA DE CONCERTO

C. M. Widor: Suite para frauta e piano

- I. Moderato
- II. Scherzo
- III. Romance
- IV. Final

P. Tchaikovsky: Aria de Lensky de "Eugene Onegin"

O. Taktakishvili: Sonata para frauta e piano

- I. Allegro cantabile
- II. Aria
- III. Allegro scherzando

Bartok: Danzas rumanas. Arreglo para piccolo y piano de Peter Verhoyen.

- I. Jocul cu bâta (Danza do pau)
- II. Brâul (Danza da faixa)
- III. Pe loc (Nalgures)
- IV. Buciumeana (Danza de Bucsum)
- V. Poarga româneasca (Polka rumana)
- VI. Maruntel (Danza rápida)



CV CARMEN FERREIRO

Intérprete inqueda e multidisciplinar formada no Conservatorio Superior da Coruña (Matrícula de honra fin de carreira) e no Real Conservatorio da Haia (Erasmus no Conservatorio de Amberes) Carmen é profesora de frauta no Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela.

Primeiro premio do concurso de frauta convocado pola asociación Travesera Siglo XXI (2006). Segundo premio no Concurs de Música de Cambra i Lied Citat de Berga (2008). Segundo premio no Concurso de Intérpretes Mozos Hernán Naval 2008. Segundo premio no Concurso de Novos Intérpretes de Xátiva (2009). Carmen realizou cursos de frauta con Jeanne Baxtresser, Jaime Martín, Magdalena Martínez, William Bennet, James Galway ou Stefan Höskuldsson, entre outros. Foi membro da Nova Orquestra da Sinfónica de Galicia, da Nova Orquestra Nacional de Holanda e da Nederlands Fluitorkest e realizou colaboracións coa Orquestra sinfónica de Galicia e coa Real Filharnonía de Galicia.

No campo da musicoloxía, ten o Diploma de Estudos Avanzados en Música Española Contemporánea (a tesina recibiu a cualificación de Sobresainte na Universidade de Santiago de Compostela) e o Máster en Música Antiga da ESMUC, especializado na interpretación en instrumentos barrocos e clásicos.

Licenciada en Dirección de Orquestra pola ABRSM "with distinction", dirixe a orquestra sinfónica do Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela coa que gañou o primeiro premio (ex aequo) na Mostra Musical do Eixo Atlántico e realizou intercambios coma a viaxe a Estrasburgo. Tamén é directora asistente da orquestra Terra Nova.

Carmen é membro de agrupacións de diversos estilos: Caminhos Cruzados, Ensemble Iulius XIII, Puzzle cabinet, Suspiratio e da Capela Compostelana.

CV MIGUEL VIZOSO

Titulado Superior de Piano polo CSM de Barcelona (Mención de Honra Extraordinaria) co Catedrático Miguel Farré. Bécao A Deputación de A Coruña para realizar un Postgrado co mestre Iván Cítera complementado cos pianistas Josep Colom e Andréz Jasinski, mestre de Kristian Zimerman. Realiza tamén cursos con : Paul Badura Skoda, Alba Ventura, Rita Wagner , Andras Kémenes, Ferenc Rados

É **Máster** en “Creación e Interpretación Musical” pola URJC rematando co TFM: “*La Pavane pour une Infante défunte de Maurice Ravel. Estudio interpretativo de la versión para piano basado en la orquestación del compositor*”.

Amante da Música de Cámara, forma parte do trío “Sarela Ensemble” con Anne Scholossmacher (viola da RFG) e Nicolás Otero (clarinete da Banda Municipal de Santiago) . Ademáis ten tocado con músicos coma: Ana Ferraz , César Peris, Yolanda Delgado, Efrén Escuredo, Mireia Barrera , Esperanza Maraentre outros.

*Ten tocado en múltiples salas e festivais destacando o **Concerto a dous pianos** e ensemble de cordas BWV en Dom J.S.Bach, tocando coa pianista Yolanda Delgado , baixo a dirección de Humberto Armas, no Festival Piano Meeting (Ourense, 2018).*

Gravou o Trío para clarinete , chelo e piano en A minor, Op.114 de J. Brahms para o selo Mans co clarinete Rafael Espido. Coma solista principal gravou a banda sonora da miniserie de televisión “**Salazón**”, serie producida por Dream Team Concept / Continental Producciones /TV3 e TVG. A música, composta por Xavi Font ,foi nominada aos premios Mestre Mateo 2014.

Ten traballado como pianista colaborativo en numerosos cursos e masterclasses destacando o “VIII Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher”, organizado polo IGAEM en Santiago de Compostela (Xullo-2008)

*É convidado como **xurado** en concursos e festivais de piano (Real Club Náutico de Vigo, Piano Meeting de Ourense, Peregrinos Musicais), e para impartir clases maxistras e ponencias en universidades (Universidad Alfonso X el Sabio de Madrid, Universidade de Santiago de Compostela).*

Compaxina a súa faceta artística coa de pianista de canto e fruta no Cmus de Santiago e como vicepresidente de **AESPIRE** (Asociación Española de Pianistas Repertoristas).

